



TEMPO DE ENTROIDO 2023

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o Campamento “**TEMPO DE ENTROIDO**”, do programa Outes Concilia, destinado a nenas e nenos de **idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos**, que se desenvolverá os días, **20 e 21 de febreiro, en horario de 8:00 h a 16:00 horas, no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.**

As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexibles.

Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do campamento, incorporarse a o mesmo sobre ás 10:00 h e saída a partir da 13:30 h.

As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos en termos e neveiras.

Prazas limitadas.

O prezo público establecido na ordenanza reguladora corresponde e ascende a **10 €** o total do campamento.

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para abonar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación:



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

Documentación a achegar no caso de non estar presentada con anterioridade no Programa “OUTES CONCILIA”.

No caso de telo presentado facer constar o servizo no que se aportou.

- | |
|---|
| 1. Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acreditalo co título correspondente. |
| 2. Copias da declaración da renda de ambos proxenitores do ano 2021. |
| 3. Fotocopia tarxeta sanitaria da/o menor só no caso de non estar presentada para o Programa “Outes Concilia”. |
| 4. O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise. |

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello de Outes en horario de 9:00 h a 14:00 h de luns a venres. O prazo de inscrición é do **6 ao 9 de febreiro**.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono **981850949**